



Xoán Manoel Sande Muñiz, Concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello da Laracha, ao abeiro do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, presenta para a súa contestación no vindeiro Pleno Ordinario da Corporación a seguinte **PREGUNTA**:

A construción do “Parque Maximino Canedo”, obra que foi feita polos obradoiros de emprego municipais e rematada por unha empresa local, foi unha actuación que tivo e ten unhas consecuencias nefastas para un edificio colindante, xa que como consecuencia da mesma os trasteiros e o garaxe situados no soto deste edificio (na rúa Epifanio Campo, nº 20) teñen un gravísimo problema de entrada de auga procedente do devandito parque.

Resulta que o parque foi feito con caída cara a este edificio, e ademáis pódese comprobar a existencia de dúas arquetas no propio parque, colocadas contra o edificio e xusto pegadas ás xuntas de dilatación, ás que van a parar as augas pluviais recollidas na zona, atopando ademáis que todas as canalizacións están colocadas precisamente contra este edificio, ao que se suma tamén a auga filtrada no propio parque.

De feito, xa no momento en que se estaba a facer o parque, parece ser que os responsábeis da empresa construtora do edificio xa avisaron de que tal e como se estaba a facer a obra ía haber problemas de auga no edificio. A pesares dese aviso o parque fíxose dese xeito, e agora atopamos esta situación, na que as persoas que viven no edificio teñen que padecer as inundacións dos seus garaxes e trasteiros como consecuencia dunha obra pública responsabilidade absoluta do concello, e segundo a información que nos consta levan tempo intentando poñerse en contacto con membros do goberno municipal para intentar que se lles solucionen o problema que a propia administración local lles creou, sen que ata o momento teñan ningunha solución ao respecto.

Por todo isto formulamos a seguinte PREGUNTA:

Pensa o goberno municipal afrontar algunha solución respecto desta situación ocasionada como consecuencia dunha obra pública, ou pretende que sexan os propietarios das vivendas os que teñan que solucionar pola súa conta e risco un grave problema do que o concello é o máximo responsable pois é consecuencia dunha actuación súa?

A Laracha, 23 de abril de 2008

Asdo.: Xoán M. Sande Muñiz,
Concelleiro do Grupo Municipal do BNG da Laracha

Sr. Alcalde, Presidente do Concello da Laracha